

# AXAR

REVISTA XUVENIL OURENSÁ • Nº 46

# 37º CAMPAMENTO URBANO 2024



# Saúdo

## Os grandes números do campamento urbano

Presentamos un bo resumo desta 37ª edición do Campamento Urbano organizado por Amencer a través de 31 datos que reflicten bastante ben, cremos, a realidade do noso CU'24:

<b>37</b>	agostos ininterrompidos desta experiencia infantil.	<b>931</b>	participantes en total.
<b>25</b>	agostos desta experiencia xuvenil.	<b>69</b>	educadores da cidade animaron puntualmente algúna actividade do C.U.
<b>9</b>	días do infantil.	<b>21</b>	empresas colaboraron economicamente.
<b>1</b>	noite de infantil.	<b>35</b>	empresas colaboraron con materiais.
<b>6</b>	noites do xuvenil	<b>34</b>	entidades que colaboraron con visitas e exhibicións.
<b>1</b>	día dedi.cado ao voluntariado.	<b>96</b>	establecementos colaboraron coa colocación do peto do C.U.
<b>13</b>	reunións ao ano da comisión organizadora do C.U.	<b>13</b>	medios de comunicación informaron do C.U.
<b>36'30 h</b>	de formación e coordinación de voluntarios/as no CU.	<b>28</b>	autobuses utilizados para os desprazamentos longos.
<b>75'15 h</b>	de actividades coa rapazada no infantil.	<b>2.560 km</b>	percorridos en bus.
<b>12'5 h</b>	de actividades coa mocidade no xuvenil.	<b>25</b>	saídas a un destino no que participar en actividades na auga.
<b>123</b>	actividades realizadas.	<b>59</b>	lugares da cidade recreados e visitados.
<b>40</b>	grupos distribuidos de idades.	<b>8</b>	cidades e vilas visitadas.
<b>674</b>	rapaces/zas con idades comprendidas entre os 8 e os 16 anos.	<b>1</b>	plataforma on-line de inscrición.
<b>164</b>	mozos/as maiores de 15 anos.	<b>414</b>	media de participantes diarios.
<b>3+3</b>	directores dos Campamentos Urbanos (infantil e xuvenil).	<b>1</b>	revista editada na que se dá conta do vivido neste CU.
<b>93</b>	animadores/as voluntarios/as.		



## Día da Benvida

Xoves, 1

O Campamento Urbano abriu as súas portas o pasado xoves 1 de agosto. Neste día asistiron case 500 rapaces. Iniciábase esta primeira xornada co Bo Día dos Directores Xerais do Campamento e co Director da Asociación Xuvenil Amencer. Despois da acollida, distribuíuse toda a rapazada entre tres pontes que cruzan o Miño ao seu paso polas proximidades da base do Campamento: a Ponte Maior, a Ponte do Milenio e Pasarela. Logo dun saúdo conxunto batérónse forte os "aplaudidores" para festexar que o Campamento Urbano comezara.

Como en todos os comezos, houbo moita enerxía e emoción por parte da rapazada da cidade, que se incrementou coa participación dalgunhas rapazas e rapaces nunha entrevista Cadena Ser Radio.

Xa pola tarde leváronse a cabo as Tardes de Urbano, coa actividade especial para os de 8 anos, que visitaron Xúpiter Xogos e para os de 13 anos, que foron a Xogón. Ademais, o resto de idades puideron disfrutar no colexiu dunha gran variedade propostas situadas en diferentes salas: obradoiros, ciencia divertida, wii/play, etc.

## Que di a rapazada

«Hoxe foi o primeiro día do C.U. Os do noso grupo fomos á pasarela do Centro Comercial para facer o "mítico" xesto para inaugurar o Campamento. Este ano con "aplaudidores". Pasámolo moi ben!» (Beatriz López Paredes 16C)

«O primeiro día do C.U. foi moi divertido e encontréme con moitos amigos. Ademais hai xente moi guai. O noso grupo estivo na Ponte do Milenio para o xesto de inicio do Campamento. Gustoume moito.» (Danma Suárez Delgado 14E)

«Hoxe o grupo de 10 fomos á Ponte Romana cuns "aplaudidores". Foi moi chulo porquenuncaofixera.» (Leismar Caraballo Morillo 10D)



## Día da Cultura Urbana

Venres, 2

Cunha cifra de 400 rapaces, nesta segunda xornada a rapazada da cidade foi partície de varias exhibicións de diversas culturas. Iniciouse o día co Bo Día por parte de Alberto, quen nos deleitou coa súa batería. Tiveron lugar visitas a algunas librerías, ao Teatro Principal, á Catedral (cun roteiro) e ao Centro Cultural Marcos Valcárcel, onde viron unha exposición de trens e diversas exposicións de arte.

Os grupos de idade de 12 anos participaron nun roteiro sobre Alexandre Bóveda a través do cal coñeceron a vida deste insigne persoero.

Por outra banda, os grupos de idade de 13 anos visitaron a Uvigo onde viron unha película na sala Emilia Pardo Bazán.

Tamén, se realizaron visitas ao Claustro de San Francisco e a +Q3D.

Na base do campamento tamén se recibiron visitas dun DJ, dunha influencer, duns baterías, dun profesional de drons e de dúas cociñeiras que elaboraron pratos venezolanos.

Por último, pola tarde abríronse novamente en Salesianos as salas das Tardes do Urbano e algúns rapaces foron a Xúpiter Xogos, a Xogón e á Policía Local.

## Que di a rapazada

«Hoxe, Día da Cultura Urbana, veu un batería co seu guitarrista a ensinarnos a tocar. Logo fomos ao claustro de San Francisco onde nos explicaron a súa historia e participamos nun taller de fotos creativas.» (Verónica Raimundo Álvarez 15B)

«Hoxe no Día da Cultura Urbana os de 10 anos fomos á librería Nobel, onde nos contaron un conto e propuxemos un final alternativo.» (Hugo Mirando Froufe 10D)

«Hoxe dedicamos o día á cultura urbana. O que máis me gustou foi ir ao Marcos Valcárcel; tamén me encantou ver as fotos e os trens.» (Sara Valentina Álvarez 11C)



## Día dos Deportes

Luns, 5

Durante este día, 440 rapaces tiveron a oportunidade de practicar diferentes deportes, fomentándose así a importancia de practicar este como beneficio para a nosa saúde.

Comezouse co Bo Día a cargo do equipo Cidade das Burgas. Posteriormente, os grupos repartíronse por diversas zonas da cidade con espazos habilitados para o deporte: o Espazo Xove (onde o On time acompañou a rapazada para xogar ao fútbol), o Polideportivo de Oira e o Vólei praia Oira, as canchas do Manuel Sueiro, as canchas da Policía Nacional e do Pavillón dos Remedios... A rapazada do Urbano puido practicar baloncesto, ringo gol, brilé, etc.

En Salesianos tivemos a oportunidade de contar coa presenza do equipo Cidade das Burgas, do Balonmán Miño, do COB e un adestrador de tenis.

Durante as Tardes do Urbano volvérónse abrir as salas e levouse a cabo unha xincana de auga para as idades de 12, 13 e 14 anos. Ademais houbo unha exhibición de patinaxe, unha visita á Unidade Móbil de Doazón de Sangue, un Tour das Burgas e, novamente, visitas a Xúpiter Xogos e a Xogón.

### Que di a rapazada

«Hoxe fomos ao polideportivo da Policía Nacional. Xoguei cos meus amigos ao balompé e ao voleibol. Paseino moi ben.» [Brais Márquez López 12F]

«Hoxe foi o Día dos Deportes e fomos á Casa da Xuventude. Alí unhas xogadoras do Ontime ensináronnos a xogar a fútbol sala. Pasámolo moi ben.» [Isabella e Anne Sophia 9A]

«No Día dos Deportes fomos á pista de area do lado do río Barbaña para xogar ao fútbol. Despois fomos ao Pavillón a xogar ao baloncesto. Paseino moi ben e gustoome practicar deportes variados con xente da miña idade.» [Emma Gil Dopazo 13D]

## Día da Natureza

Martes, 6

Comezouse esta nova xornada co Bo Día a cargo de Amigos da Terra. Neste día, 420 rapaces dividíronse entre diferentes espazos naturais da provincia de Ourense para desfrutar da natureza e aprender a respectala sempre. Os grupos de idade repártironse entre o río Arnoia (Allariz), a praia fluvial da Veronza (Ribadavia), o encoro de Castrelo de Miño e as piscinas de Esgos, Maceda, Toén, A Peroxa e A Merca. En todos estes lugares realizarónse xogos nos espazos naturais que estas ubicacións ofrecían. No caso de Castrelo de Miño, a rapazada desfrutou coa participación en actividades náuticas como kaiak e pedaleta.

### Que di a rapazada

«Hoxe fomos ás piscinas de Macea. Chegamos, colocamos as toallas e metémonos na auga. Despois ao saír comemos e charlei cas miñas amigas e fomos á tenda da piscina. Saímos da piscina ás 6, subimos ao bus e regresamos a Salesianos.» (Paula Docabo González 11D)

«Hoxe os do meu grupo fomos ás piscinas da Merca a bañarnos, comer, pasar o día e participar en diferentes xogos.» (Laia Correia Gálvez 10B)

«Onte os de 15 fomos a Ribadavia. A auga estaba fría, pero desfrutamos moiísimo. Os meus amigos e más eu ademais de bañarnos e comer xogamos ao pilla e pasámolo moi ben.» (Kelvin Suco Chávez 15A)





## Día da Boa Xente

Mércores, 7

Comezouse co Bo Día a cargo de Cruz Vermella. Durante esta xornada, 430 rapaces desprazáronse ata a Praza Maior para coñecer algúns dos servicios sociais cos que conta a cidade. Visitouse o CHUO, onde a rapazada recibiu unhas clases de primeiros auxilios. Na Praza Maior ubicáronse varios vehículos dos servizos públicos para a cidadanía: a Policía Local, a Policía Autonómica, a Policía Nacional, os Bombeiros, a Garda Civil, a Cruz Vermella, os Servizos de Limpeza, Autobuses Urbanos, etc. Todos eles ensináronles algúns dos seus instrumentos ou ferramentas de traballo máis característicos. Por último, visitaron lugares como Cáritas, Tenda de Comercio Xusto, APES, Quérote +, Teranga, Centro de Día A Ponte, Doazón de Sangue, etc. Ao remate da mañá todas as idades xuntáronse nas escaleiras da Praza Maior para escoitar unhas palabras do alcalde da cidade e da Concelleira de Xuventude.

Pola tarde, as visitas non cesaron xa que varios grupos se desprazaron ata Progape e o Centro de Día Barbaña.

Ademais de abrirse as salas de Tardes do Urbano, tamén houbo exhibicións de hóckey e de graffiti, xunto cunha xincana de auga para os grupos de idade de 8, 9, 10 e 11 anos.

### Que di a rapazada

«Primeiro fixemos un xogo que consistiu en atopar cromos da Garda Civil, os Bombeiros, etc. ... Despois fomos á Praza Maior ver os dispositivos da Cruz Vermella, policía, bombeiros... Ao rematar volvemos ao campamento.» (Ainara Quintas Vázquez 10C)

«O día de hoxe foi o da Boa Xente. Vimos os vehículos que había na Praza Maior e aprendimos que fai cada un deles. A mi encantoume este día. Paseino xenial.» (Marthe Christine 11D)

«Hoxe fomos todos os do campamento ata a Praza Maior e subimos aos camións da limpeza, aos coches da policía e ás motos, aos bombeiros, ao 061... Tamén fixemos unha foto co alcalde.» (Antía Silveira García 10A)







## Día da Xuntanza

Xoves, 8

Nesta xornada de día completo, 420 rapaces da cidade de Ourense viaxaron ata a Praia de Samil, en Vigo. Alí, reuníronse coa rapazada dos Campamentos Urbanos das cidades de Vigo, A Coruña e Santiago. Supuxo todo un día de convivencia e de baño. Ao rematar o xantar, os representantes de cada Campamento Urbano realizaron un xesto no que se intercambiaron as camisetas propias do Urbano de cada cidade como símbolo de unión. Sen dúbida, foi un día de coñecer xente nova e de desfrutar do mar e da praia.

### Que di a rapazada

«Ola! O Día da Xuntanza foi o mellor. Paseino xenial! Os monitores estaban moi atentos con todos e divertinme moito. Oxalá o ano que vén volvamos a facelo.» (Victoria Isabel 14D)

«Hoxe fomos á praia e pasámolo súper ben. Estábamos rapazas e rapaces de todas as idades. Fixo moita calor.» (Emma Tokarsky 8B)

«Hoxe fomos á praia e tivemos un encontro con outros campamentos. Gustoume ir a Samil e tomar o sol.» (Anabella Sierra 14D)





## Día do Entroido por Barrios e Noite dos Pequeños

Venres, 9

Comezouse co Bo Día a cargo da Pita de Eiroás. 320 rapaces desprazáronse a algunas prazas da cidade de Ourense para realizar diversos xogos a través dos que coñecer o Entroido da provincia: Praza das Mercedes, Praza do Couto, Barbaña, San Francisco. Ademais os rapaces foron disfrazados xunto cos seus animadores.

Durante a noite deste día, a rapazada dos grupos de idade de 8, 9, 10 e 11 anos tiveron unha actividade especial: quedaron a dormir no ximnasio de Salesianos logo de participar nun grande xogo coa temática do Cluedo, no que tiveron que indagar e seguir diferentes pistas para resolver un misterio.

### Que di a rapazada

«Hoxe é o Día de Entroido por barrios. Viñemos todos disfrazados e veu un Sr. vestido de galiña. Ao rematar fomos dar un paseo e foi todo moi divertido. Volvería todos os anos a este Campamento.» (Nayara Corbillón Nemay 14E)

«Estivemos todos disfrazados e convivimos xuntos e xogamos a moitos xogos.» (Anabella Parra Sierra)

«No Día do Entroido fomos todos disfrazados e pasémos polos parques da cidade. Ao meu grupo tocoulle ir ao Parque das Letras. Estivemos xogando ao furor, un xogo de música en dous grupos.» (Naomy Jiménez 12B)



## Día da auga e despedida dos maiores

Luns, 12

410 rapaces visitaron o Parque Acuático de Monterrei durante este día completo. Foi un día cheo de auga e sol, no que triunfaron os tobogáns de auga logo dunha xornada de xogos na zona exterior das instalacións.

Os de 12 anos foron á pista de atletismo onde se levaron a cabo as UrbanoOlimpíadas nas que realizaron diferentes probas típicas dos Xogos Olímpicos: relevos, lanzamento de peso, salto de altura e lonxitude e lanzamento de xavelina.

Por último, esa mesma noite tivo lugar a despedida dos grupos de idade de 15 e 16 anos, xa que para eles remataba xa o Campamento Urbano. Celebramos unha festa temática hawaiana e as mozas e mozos participaron nun desfile. Ademais cearon todos xuntos e posteriormente puideron gozar dunha pequena discoteca.

### Que di a rapazada

*«O Día da Auga foi o más divertido de todos porque fomos ao Parque Acuático de Monterrei. Antes de ir á piscina fixemos unhas "urbanolimpíadas" moi divertidas. O que más me gustou foi o parque acuático polos tobogáns.»* (Catalina Rodríguez González 12E)

*«Encantáronme os tobogáns aínda que houbera moita fila para esperar a tirarse. O que más me gustou foi a piscina de ondas.»* (Martina Cao 12E)

*«O Día da Auga encantoome. Foi una experiencia xenial, xa que puiden disfrutar nos tobogáns cos meus amigas e monitores. En Monterrei paséi no moi ben e divertinme moito. Foi un dos mellores días.»* (Alicia Rodríguez 14F)





## Día da Despedida

Martes, 13

Durante este día de xornada completa, 300 rapaces de idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos participaron na despedida do último día do Campamento Urbano. Para iso, os dos grupos de idade máis pequenos disfrutaron en Salesianos dunha festa da escuma e dunha pequena discoteca. Os maiores, pola contra, visitaron unha das discotecas da cidade. Contra o mediodía xantamos todos xuntos na sede do Campamento e á tarde leváronse a cabo diferentes actuacións por parte da rapazada e do equipo animador para despedir con todo o talento que cada persoa posúa, esta edición do 37ª edición do Campamento Urbano.

### Que di a rapazada

«Hoxe fomos á discoteca no Día da Despedida e paseimo xenial. Despois comimos en Salesianos e rematamos cunha velada.»  
(Martín Santos Mato 13A)

«Hoxe foi o último día do Campamento. Tivemos discoteca pola mañá e pola tarde, despois de xantar, a foto de todos os grupos e actuacións no teatro. Paseino moi ben.»  
(Brais Márquez López 12F)

«Foi un día no que participamos na festa da escuma, tivemos discoteca no ximnasio, houbo comida con pasteis de sobremesa e actuacións finais..»  
(Clara Martínez Suárez 10B)

## Tardes do Urbano

Durante todas as tardes que durou o Campamento Urbano (agás nas tardes dos días completo de actividade fóra) leváronse a cabo as Tardes do Urbano. Abríánse diferentes salas nas que de maneira libre os participantes podían participar en actividades como a de wii/play, obradoiros, ciencia divertida, grande xogo, danza, teatro, xincanas de auga, etc. Ademais, tamén se realizaban visitas a algúns lugares como Xúpiter Xogos, Xogón, etc.

### Que di a rapazada

*«Hoxe fixemos moitas cousas. Unha delas foi facer chapas e estar nas salas. A verdade é que me gustou bastante porque estábamos ao aire libre e iso gústame moito.»* (María Rodríguez 10B)

*«Goustoume moito a xincana de auga, sobre todo a proba na nos tiabamos polo chan. Paseino moi ben e tamén gustou moito o trato dos monitores porque se nota que queren estar connosco.»* (Joanny Gabriela Aparicio Torres 12F)

*«Pola tarde estivemos nas "Tardes do Urbano". Primeiro fomos á sala de teatro, xogamos ao "catapunchispún" e a "o pobo dorme". Foi moi divertido. Despois participámos no gran xogo: o xogo do calamar, con diferentes dinámicas. Estivo guai.»* (Beatriz López Paredes 16C)

*«O xoves 1 de agosto había moitas actividades nas diferentes salas: ciencia divertida, obradoiros, consolas, teatro... A miin gusto me más a de obradoiros porque fixemos marcapáxinas.»* (Clara Martínez Suárez 10B)



## Campamento Urbano Xuvenil

Polas noites, en horario de 22:30h a 00:00h, celebrouse o chamado Campamento Urbano Xuvenil no que podían participar mozos e mozas de más de 16 anos, incluíndo preanimadores e animadores. Nestas noites, realizáronse dende grandes xogos como o "Romel e Montgomery" ata obradoiros, cociña e piscina.



# Entidades colaboradoras



Concello de **OURENSE** Xuventude



XUNTA  
DE GALICIA

salesianos  
OURENSE

SALESIANOS  
OURENSE

Parroquia Salesianos  
Ourense

GADIS

caldaria  
HOTELES Y BALNEARIOS

COREN

alfer

PSA  
RETAIL  
ORENSE

rocholl

SOUSAS

SerigrafiArte

ABRIL

La Región  
telemundo

ADMA  
Ourense

CLUB NÁUTICO  
Castrelo de Miño

ŠKODA  
GADASA

ABANCA

PONTE  
VELLA  
Centro Comercial



FUNDACIÓN  
DEPORTE  
GALEGO

URBANOS de OURENSE

OU  
ESTUDIOS

POLICÍA LOCAL  
OURENSE



Domino's  
Pizza

CEO  
Confederación  
Empresarial  
Ourense

CABREIROÁ

visualq.

PUGA  
REPROGRAFÍA  
PAPELERÍA

CONCELLO  
DE ESGOS

CONCELLO  
DA MERCA

CONCELLO  
DE TOÉN

maceda  
castros



DISBEGÓN, S.L.

biblioteca  
pública

Matutano

GRUPO CUEVAS  
DESDE 1947

CONCELLO DE  
MASIDE

Deportes  
Monchi

CONCELLO  
A PEROXA

**Outros colaboradores:** Confitería Loñoá | Confitería el Olivar | Pastelería Milhojas | Panadería Apetece | Pastelería Couto | Pastelería Miguel | Osi Gourmet | Tu Recreo | La Torta | Frutería a Leira | Frutería e Froita | Fruterías Montse | Fruterías Vidal | Frutas Verduras Nana | Ofiteca | Carlín | Ofypal | Betel | Maelka | O Almacén | La Librería | Copiplaza | Librería Ervedelo | Librería Follas Novas |

MCS: RTVG | Faro de Vigo | Cadena Ser | Cope | La Voz de Galicia | Onda Cero

AXAR

Revista Xuvenil Ourensá  
Nº 46 — CU 2024

**Edita:** Asociación Xuvenil Amencer



**Director:** Xulio C. Iglesias.

**Redacción:** Participantes do CU, Laura Fernández e Xulio C. Iglesias.

**Fotografías:** Equipo animador do Campamento Urbano 2024.

**Corrección lingüística:** Bibiana Martínez.

**Diseño e maquetación:** Visualq.

**Depósito legal:** OU 323-2021.

Praza don Bosco, 1 – baixo • 32003 Ourense  
Tfno. e fax: 988 218 123  
Correo-e: [amencer@amencer.org](mailto:amencer@amencer.org)  
Web: [www.amencer.org](http://www.amencer.org)

AXAR non comparte necesariamente as opinións expresadas nas súas páxinas.



/axamencer



@axamencer



@axamencer